



FICHA RESUME

PE 403A 2008/ 67-5

Ano	2009
Entidade	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DE BUEU, LOURIZÁN, MARÍN, PONTEVEDRA, PORTONOVO, RAXÓ E SANXENXO.
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN CONXUNTO DE NAVALLA, LONGUEIRÓN E LONGUEIRÓN VELLO
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE

Especies	Navalla (<i>E.arcuatus</i>), longueirón (<i>E.siliquia</i>), longueirón vello (<i>S. marginatus</i>).
Ambito do plan	Desde Punta Faxilda a Punta Morcegos, Illas Ons e Onza.
Subzonas de explotación	<p>Área 1-PORTONOVO: de Punta Faxilda a Punta Festiñanzo.</p> <p>Área 2-RAXÓ: de Punta Festiñanzo a Punta Chancelas (o límite coa área 3 é a liña imaxinaria que une Punta Chancelas con Con de Corbeiro-Illa de Tambo).</p> <p>Área 3-BRENSA: de Punta Chancelas a Punta Campelo (o límite coa área 4 é a liña imaxinaria que une Punta Campelo co peirao da Illa de Tambo pegado a praia de Adreira).</p> <p>Área 4-LOURIZÁN: de punta Campelo á Escuela Naval Militar de Marín (o límite coa área 5 ven marcada pola liña imaxinaria que une a esquina oeste da Escola Naval de Marín co peirao da Illa de Tambo pegado á praia de Adreira)</p> <p>Área 5- MARÍN: de Escuela Naval Militar de Marín a Punta Loira.</p> <p>Área 6- BUEU: de Punta Loira a Punta Morcegos.</p> <p>Área 7- Illas ONS: sublitoral das Illas Ons e Onza.</p>

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	29	43 mergulladores
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción		200									
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ : de xaneiro a decembro, cunha veda para a navalla de dous meses en febreiro e marzo, e para o longueirón de abril a maio.											
Modalidade⁽³⁾ : mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Rotación de áreas e zonas principais e secundarias											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
4	1	1	3	2	6-7/5	4	3	4/2	5/6-7	2	3
6-7	6	6	6-7	6-7	5/3	5	2	6-7/5	3/5	5	6-7



Topes de captura:

Especies	Embarcación	kg/mergullador/día
Navalla		15
Longueirón		15
Longueirón vello		15

O tope de captura é conxunto para as 3 especies. Calquera exceso de capturas sobre os topes autorizados que se detecten no punto de control deberá ser devolto inmediatamente ao mar.

Artes ou técnica de extracción	Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie.
---------------------------------------	---

Puntos de control	Zona de traballo mediante a embarcación de vixilancia.
Puntos de venda	Lonxas de Bueu, Campelo, Marín e Portonovo.

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epoas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas						X	X					
Zonas: Limpeza de fondos empregando embarcación con rastro e control de depredadores con técnicas de mergullo.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Con respecto a **relación de participantes**, deben excluírse ás seguintes embarcacións:
A embarcación _____, xa fora excluída do plan de explotación do ano 2008.
Por resolución da Delegación Territorial denegouse a renovación do permiso de explotación da embarcación e o recurso de alzada presentado polo interesado contra dita resolución foi desestimado. Polo tanto esta embarcación carece de permiso de explotación en vigor.



O plan de explotación propón que a área 6 inclúa a Illas Ons e Onza; sen embargo, considérase importante que existan dúas áreas independentes (6 e 7) co obxecto de facilitar as valoracións das autorizacións, o control de biotoxinas e a xestión de datos da pesqueira. Podería autorizarse a apertura simultánea das zonas 6 e 7, sempre que o informe de biotoxinas do Intecmar sexa favorable e se entreguen os datos de extracción disgregados por barco e por zona de extracción.

Non hai realizadas mostraxes e os datos de control de tallas de captura en lonxa son escasos, polo que non é conveniente aumentar a presión pesqueira mentres non se teñan máis datos que permitan avaliar o estado do recurso. Os datos da CPUE e as tallas medias de extracción ao empezar e rematar a explotación en cada zona son importantes xa que indican o estado da pesquería. Así pois, o número máximo de días autorizados establécese en 200, cunha veda para a navalla en febreiro e marzo e para o longueirón nos meses de abril e maio. Calquera modificación do período de veda da navalla require que a entidade presente un estudo do estado gonadal da navalla na ría en cuestión, realizado por un centro recoñecido.

Os **topes de captura** serán de 15 kg/mergullador/día, aceptándose os topos propostos no plan para os luns de todo o ano (10 kg/mergullador/día), agás na Semana Santa, xullo, agosto e a segunda quincena de decembro. Os topos diferenciados do luns deberán ser solicitados na correspondente apertura mensual.

Os **topes de captura** correspóndense coas **cantidades máximas** que deben ser **extraídas e levadas ao punto de control; calquera exceso por encima do autorizado debe ser devolto inmediatamente ao mar.**

Para o ano 2009 non se acepta o sistema proposto no plan de rotación de zonas con aperturas de zonas principais e secundarias, senón que **só se poderán rotar zonas, podendo abrirse cada mes dúas zonas de traballo (principal e secundaria)** baixo as seguintes condicións:

1. Que se traballe na zona principal de luns a xoves e na secundaria os venres (como foi aprobado en anos anteriores). De luns a xoves e só en caso de mala visibilidade ou presenza de biotoxinas podería pasarse da zona principal á secundaria previa comunicación vía fax á Delegación Territorial, e sempre que o INTECMAR informe favorablemente ambas zonas. Só poderá traballarse nunha das zonas. Os venres só se traballará na zona secundaria.
2. Con cada petición mensual de apertura aportaranse os seguintes datos necesarios para o seguimento da explotación do mes anterior: data de extracción, data de venda, zona de traballo, identificación do barco e nº de tripulantes, cantidade extraída no punto de control e cantidade vendida, así como o prezo en primeira venda. Se a bióloga de zona non dispón destes datos para realizar o seguimento da CPUE, ou si nos datos presentados se detectan irregularidades na actividade nas zonas principais e secundarias, só se abrirán as zonas principais de luns a xoves.

O informe da actividade de mergullo de data 18.11.2008 é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan sempre e cando sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente. Tódolos participantes son informados favorablemente, agás: (non ten titulación axeitada), (tarxeta caducada dende 22.10.2006),



(tarxeta caducada dende 4.09.2006), (tarxeta
caducada dende 16.06.2008) e (tarxeta caducada dende 07.11.2008).

A posesión de titulación caducada ou a carencia de titulación axeitada afectaría á participación das embarcacións do plan que tivesen enrolados mergulladores en esas circunstancias, as cales deberán acreditar ter un tripulante coa titulación necesaria para a actividade de mergullo para poder renovar a modalidade de navalla-longueirón no seu permiso de explotación, e polo tanto participar no plan de explotación e incluírse nas aperturas mensuais da actividade.

Os proxectos de rexeneración para a limpeza de fondos (algas e resíduos sólidos) mediante embarcación con rastro, así como o control de depredadores con técnicas de mergullo, serán valorados unha vez sexan presentados, debendo especificarse as actuacións, zonas, calendario, metodoloxía e destino dos resíduos.

No caso particular do emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, e sempre que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente, considérase necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta técnica na explotación dos bancos. Polo tanto, será necesario establecer un punto de control no banco sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación, verificaranse os cupos de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose un ticket nominativo.

De acordo coa Circular de 6.10.2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009, deberán presentar as coordenadas cartográficas do ámbito do plan e das subzonas de traballo. Tamén deben presentar a aprobación da proposta do plan polos órganos de goberno de tódalas entidades excepto a confraría de Bueu, así como documento acreditativo da aprobación do plan pola comisión xestora, formada por integrantes de todas as confrarías.

PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS:

- O informe é favorable ao non observarse un aumento do esforzo pesqueiro.
- Unicamente poderán realizarse actividades de limpeza de algas ou depredadores no Parque se previamente á súa realización, envíase á Dirección do Parque para a súa autorización, informe biolóxico sobre a súa conveniencia.
- Non se poderán levar a cabo extraccións nas zonas de mäerl (ver mapa) con medios agresivos, só permítese a extracción manual.
- É necesario un punto de control para as extraccións na zona do Parque.

(1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...,

(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo

(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire

(4): Indicar en negra o que corresponda

(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...

(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....

(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos

(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente

(9): Este apartado corresponderalle cubriilo á administración